

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACION DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN, ASÍ COMO DA INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS QUENTES, FRÍAS E PRODUTOS SÓLIDOS NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, MEDIANTE PROCEDIMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, TRAMITACIÓN DE URXENCIA E LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

Antecedentes e necesidade

O 11 de xaneiro de 2011 inaugurouse oficialmente a CDC e abríronse ao público os edificios de Arquivo e Biblioteca, aínda que ambos xa albergaban anteriormente actividades internas e exposicións ao público. Desde entón, o número de visitantes se incrementa ano a ano, en proporción ao número de actividades culturais e administrativas que se desenvolven na Cidade da Cultura de Galicia. Así mesmo, na actualidade traballan na Cidade da Cultura persoas das institucións ou iniciativas seguintes:

- Edificio Centro de Emprendemento Creativo de Galicia (CECG);

Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)
Espazo Emprende Gaiás (Coworking)
Viveiro Gaiás
- Edificio Biblioteca e Arquivo de Galicia (BAG);

Subdirección Xeral De Bibliotecas
Subdirección Xeral De Arquivos
Real Academia Galega
Consello da Cultura Galega
- Edificio Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC);

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Espazo Empresas
- Edificio Museo Centro Gaiás e locais comerciais anexos;

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
- Edificio Fontán.

Incipit (CSIC).
CIEDIX
CISUG.
ACSUG
CISPAC



En total, na actualidade traballan na CDC ao redor de **700 persoas**.

O volume de operacións da explotación dos servizos de restauración actualmente existentes no complexo foi de 180 mil euros aproximadamente para os 6 primeiros meses do ano 2022. A proxección a un ano rondará os 360 mil euros de importe neto da cifra de negocios.

En canto o número de visitantes, as cifras obtidas son as que figuran de seguido:

2022; A CIDADE DA CULTURA EN CIFRAS

VISITAS
1.017.976 Visitas ao complexo
+ 265.541 Derivadas da vacinación contra a Covid-19
+ 7M Visitantes desde a apertura da Cidade da Cultura en 2011
COMUNIDADE
100.081 Seguidores nas plataformas sociais
+5.000 Persoas socias do Club Gaiás
EVENTOS
384 Eventos acollidos de institucións, empresas e colectivos sociais
36.320 Persoas asistentes

PROGRAMACIÓN CULTURAL
190.112 Participantes en actividades do programa cultural do Gaiás
211 Actividades
1,5M Participantes no programa cultural do Gaiás desde a súa apertura, con +2.000 actividades organizadas
EXPOSICIÓNS
28 Exposicións organizadas en 2022
7 grandes mostras no Museo Gaiás
12 noutros espazos da Cidade da Cultura
9 itinerancias noutras cidades

Páxina 1

Obxecto do contrato

É obxecto desta contratación a xestión e explotación dos espazos para a prestación dos servizos de restauración na CDC en Santiago de Compostela, que atenderán a visitantes, usuarios e traballadores do complexo nos locais descritos en detalle no **Anexo 1**, coas instalacións fixas e moblaxe que se detalla no mesmo anexo e no texto do presente prego.

O obxecto inclúe a instalación e explotación de máquinas expendedoras de bebidas quentes, frías e de produtos sólidos, nas condicións sinaladas no presente prego.



A) SERVIZO DE CAFETERÍA E COMEDOR DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A.1 Situación e características dos locais de cafetería e comedor

A.1.1. Edificio Centro Emprendemento Creativo de Galicia.

Cafetería: explotación da cafetería denominada "A Cantina" ubicada no local na fachada norte do edificio, ao carón da súa entrada e fronte á entrada ao edificio de Biblioteca e Arquivo de Galicia, con acceso directo á rúa peonil que comunica ambos edificios co aparcadoiro e nas proximidades da praza central do complexo. Ten unha extensión de 187.01 m², distribuídos en barra mesa e terraza. Dispón de dúas mesas continuas con capacidade para 36 persoas; para a barra estímase unha capacidade para 20 persoas.

Comedor: explotación do espazo reservado a comedor ubicado no local de 79,04 m² e nos que poderá instalarse un expositor de produtos autóctonos e de calidade, para poder ser adquiridos polo público que se achegue a estas instalacións. Non obstante o anterior, este local terá como uso principal o de servizo de comedor, incluso coa posibilidade de uso como reservado, para a cafetería anexa. Estímase unha ocupación máxima para 36 persoas sentadas á mesa.

Terraza: a superficie adicada a terraza, na rúa fronte do local da cantina e/ou na praza principal do complexo do CDC, será suficiente para atender un mínimo de 20 persoas sentadas e poderá variar en función da época do ano e a climatoloxía.

Aínda que os locais non contan con aseos propios, dispoñen de acceso directo e inmediato a eles, así como tamén a unha sala de lactancia, convenientemente equipada.

Dispón ademais dun almacén, utilizado polo actual prestador do servizo, de 42,94 m², ao que se pode acceder con ascensor ou montacargas desde o edificio da Biblioteca e Arquivo, situado na fronte dos citados locais.

A Fundación dispón do equipamento, instalacións e moblaxe básicos para a prestación dos servizos descritos neste apartado. Corresponderá ao adxudicatario a aportación da moblaxe, mantelaría e enxoval complementarios que entenda necesario.

A.1.2. Edificio Museo

Comedor: existe un local destinado a cafetería no edificio, en servizo na actualidade para a explotación dunha cafetería/restaurante. Ao local accedese desde a planta 0 do edificio e ten unha extensión de 152,97 m². Dispón tamén dunha saída de emerxencia ao exterior que a Fundación habilitou como entrada ao recinto. Estímase unha capacidade para 60-70 persoas sentadas á mesa, ademais das persoas para as que se habilite a barra existente.

Comedor reservado: local colindante ao anterior, de 48,39 m², conta con subministración de auga e desaugue, aínda non habilitada para o seu uso. Estímase unha capacidade para 24 persoas sentadas á mesa.

Cociña: espazo colindante e independente e con acceso directo ao anterior, provisto de saída de fumes e coa distribución e equipamento sinalados no Anexo 1. Dispón dunha superficie de 27,22 m².

Terraza interior: ao espazo da cafetería/comedor accédese desde o corredor/sala de exposicións temporais do Museo, no que poden estenderse ata un máximo de 10 mesas e 40 cadeiras, na disposición que se autorice



e sempre e cando non se utilice este espazo para exposicións ou montaxes, ou a súa convivencia se considere incompatible con estes. A Fundación comunicará esta circunstancia ao adxudicatario coa suficiente antelación.

Terraza exterior: a superficie exterior no corredor fronte do local da cafetería e/ou na praza colindante pero a distinto nivel, poderán utilizarse como terraza de xeito discrecional polo adxudicatario en función da época do ano e a climatoloxía. A disposición e número de mesas e cadeiras será autorizada previamente pola Fundación.

O comedor dispón de aseos exclusivos con acceso directo desde o local.

A Fundación porá a disposición do adxudicatario dous locais de 12,95 m² e de 12,66 m², situados no segundo soto do mesmo edificio; estes locais dispoñen de acceso directo de vehículos ata de gran tamaño, e desde os locais de restauración pode accederse a eles mediante un ascensor desde un acceso.

O adxudicatario será responsable da adquisición de todo o equipamento, moblaxe, mantelaría e enxoval complementario ou en substitución do existente sinalado no Anexo 1, que resulte necesario para a explotación do servizo e dos locais citados: comedor, cociña e terrazas. Nos locais auxiliares do soto do edificio o adxudicatario poderá utilizar o espazo destinado a almacén e cámaras, que garanta un espazo para ultramarinos, outro para bebidas, outro para enxoval de cociña e servizos, e ao menos tres cámaras, dúas de refrixeración e outra de ultraconxelación; tamén poderá utilizar o espazo para cuarto frío equipado con piletas e mesados.

A.1.3. Espazos exteriores para servizos temporais

Para usos puntuais e estacionais, en función da demanda de visitantes ou usuarios de actividades, o adxudicatario disporá, previa petición e autorización por parte da Fundación, doutros espazos exteriores para usos de restauración (terrazas móbiles, postos de xeados e similares),

A tal efecto, deberá comunica á Fundación, con 3 días de antelación, a intención de suplementar os servizos de restauración na Cidade da Cultura de Galicia, indicando:

- Ubicación do posto móbil dentro dos espazos exteriores do Gaiás.
- Datas e horario.
- Descrición do posto móbil.
- Persoal de atención.
- Indicacións sobre montaxe/instalación, desmontaxe e limpeza/reposición.

A.1.4. Visita aos locais.

Os licitadores que o consideren oportuno poderán realizar unha visita aos locais descritos no punto A.1.1. e A.1.2., para os efectos de poder coñecer *in situ* o obxecto do contrato.

Para realizar esta visita, os empresarios interesados deberán solicitalo no prazo máximo de 5 días (que comezará a contar o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación), por correo electrónico dirixido a cidade.cultura@xunta.gal.



A.2. Condicións do servizo.

1. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia será a que regule e interprete tódalas cláusulas deste prego.
2. A Fundación designará un representante que faga o seguimento do grao de cumprimento das cláusulas deste prego por parte da empresa adxudicataria.
3. A empresa adxudicataria nomeará un representante ante a Fundación, con capacidade suficiente para resolver os problemas derivados do funcionamento diario da cafetería e comedor, e que deberá estar presente na mesma durante o horario de apertura. O servizo das cafeterías, comedores e terrazas será áxil e rápido, dentro dos tempos normais de mercado para cada tipo de establecemento, a fin de satisfacer á clientela. O trato e a atención ao cliente será en todo momento correcto, amable e educado non permitíndose ningún tipo de desconsideración cos clientes ou visitantes. Para o control da calidade se disporán de dous mecanismos:
 - a). A través dun formulario de queixas e suxestións posto a disposición dos clientes.
 - b). Coa posta a disposición permanente dun libro de reclamacións
4. Para o desenvolvemento do servizo, a Fundación aportará inicialmente:
 - Os locais descritos no **Anexo 1**, coas instalacións e moblaxe, tanto fixo como móbil, que se describe
 - As subministracións e consumos de enerxía eléctrica, auga, climatización e telecomunicacións (agás o consumo da liña telefónica que correrá a cargo do adxudicatario), necesarios para o desenvolvemento do servizo.
 - O mantemento xeral dos locais (solos, paredes, teitos e instalacións), incluíndo as reparacións e reposición de funxibles sempre que non sexan imputables a un mal uso por parte do adxudicatario ou do seu persoal, ao formar parte aquelas das instalacións dos respectivos edificios. En calquera caso o adxudicatario está obrigado a conservar en bo estado todos os bens que lle son entregados, e non poderá realizar por sí mesmo obras ou modificacións de calquera orde.
5. O adxudicatario deberá manter ordenados e limpos os locais e o conxunto de bens propios da explotación, tanto os ubicados no interior (que se limparán diariamente) como no exterior. Ademais deberá realizar unha limpeza a fondo das instalacións internas unha vez á semana e á finalización do contrato. Os produtos e materiais de limpeza serán acordes aos materiais empregados na construción dos edificios e locais e deberán ser aprobados pola Fundación previamente. Os cubos e colectores de lixo estarán perfectamente limpos coa tapa de peche hermético e vaciaranse e lavaranse diariamente, debendo depositarse nun lugar adecuado e non visible cara o público e ser trasladados ao finalizar o día dentro do horario e ao lugar asignados previamente pola Fundación. O adxudicatario aplicará un programa de desinfección e desinsectación por períodos semestrais, como mínimo, e puntualmente cando así o estime necesario a Fundación. Os tratamentos serán efectuados por unha empresa autorizada e á finalización de cada tratamento deberá entregar á Fundación unha copia do certificado dos traballos realizados.
6. A Fundación realizará a reposición das instalacións e dos equipos da súa propiedade, unha vez que esgotaran a vida útil e tras un uso correcto por parte do adxudicatario durante todo o tempo de vida previsto para cada equipo. Trala firma do contrato e antes do inicio da actividade se elaborará un primeiro inventario que será asinado por ambas partes.
7. O adxudicatario obrigase a conservar e manter en bo estado tódolos equipos que lle sexan entregados,



así como a repoñelos no caso de deterioro imputable a un uso incorrecto dos mesmos, efectuando pola súa conta as reparacións necesarias para devolvelos en perfecto estado no momento de cancelación do contrato, dentro do lóxico desgaste producido polo tempo de utilización. Asimesmo deberá facer fronte ao pago das cotas de mantemento dos equipos para que estean sempre en perfectas condicións de uso. Unha vez finalizada o contrato o adxudicatario está obrigado a devolver todos os bens que lle entregou a Fundación de forma inmediata, deixando constancia mediante un acta de entrega, unha vez que a Fundación realice a auditoría do estado das instalacións e equipos.

8. Non se poderán instalar, en ningún caso, máquinas recreativas dos tipos A e B.
9. No local do Museo, o servizo de cafetería prestarase de forma ininterrompida dende as 08:00 as 20:00 horas no local do Museo, e o de comedor de 14:00 a 17:00 horas (salvo as circunstancias excepcionais que se indican no punto 7 do apartado A.3), no horario xeral de apertura ao público da Cidade da Cultura de Galicia, incluído os fins de semana. No local do Centro de Emprendemento Creativo de Galicia, o servizo de cafetería prestarase de forma ininterrompida dende as 08:00 ás 17:00 horas, durante o horario xeral de apertura ao público da Cidade da Cultura de Galicia, de luns a venres. A prestación de servizos de comedor no local do Centro de Emprendemento Creativo de Galicia, é opcional para o contratista, atendendo á demanda real. Do mesmo xeito, poderán ampliarse os horarios sinalados, para atender a usuarios de eventos que se organicen na Cidade da Cultura de Galicia, de común acordo entre a Fundación e o adxudicatario. A prestación de servizos con postos móbiles en espazos exteriores, realizarase nos horarios que, a tal efecto, autorice a Fundación, de acordo coa solicitude realizada polo contratista.
10. Non se poderá dispoñer do mobiliario e equipamento da cafetería e comedor para outros servizos que non estean especificamente recoñecidos neste prego.
11. Non se poderá utiliza-la cafetería e comedor para outros servizos que non sexan os específicos da Fundación. Tódolos servizos que se consideren extraordinarios deberanse solicitar á Fundación para súa conformidade.
12. O adxudicatario deberá cumprir escrupulosamente as medidas e protocolos de seguridade actuais, e as que no futuro poidan existir, que a Fundación poida establecer e aquelas outras derivadas da lexislación vixente, especialmente as referentes á actividade de restauración, nomeadamente o Real Decreto 640/2006, de 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios e o Real Decreto 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas. O adxudicatario está obrigado a garantir a seguridade alimentaria dos clientes tomando ademais as seguintes medidas:
 - a- Procurar a formación a todo o persoal contratado no que respecta a estes asuntos.
 - b- Utilizar produtos de limpeza e desinfectación de alta calidade e homologados.
13. En cumprimento da Lei 42/2010, de 30 de decembro, por la que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, queda prohibido fumar en todas as dependencias e locais destinados ao servizo da cafetería e comedor, debéndose facer constancia desta prohibición mediante carteis informativos colocados en lugares visibles da cafetería e comedor. Consecuentemente tampouco está permitida a instalación de máquinas expendedoras de tabaco, así como a súa venda.
14. Deberá existir a posibilidade de pagar os servizos de cafetería e comedor con tarxeta de débito ou crédito.



15. Serán de conta do adxudicatario a obtención de licenzas, permisos e autorizacións necesarios para a apertura ao público do establecemento.
16. O adxudicatario non poderá albergar substancias prohibidas ou ilegais, nocivas ou perigosas tanto nos locais de restauración como nos espazos de almacenamento e demais locais postos a súa disposición pola Fundación. Tampouco poderá ter animais de ningunha especie, nin motores ou máquinas que produzan vibracións ou ruídos molestos para os demais ocupantes do inmovible, ou que poidan afectar de calquera xeito a este.
17. En concreto o adxudicatario aportará os utensilios, enxoval, cristalería, mantelería e demais bens necesarios (incluídos os Terminais de Punto de Venta), que deberán ser da calidade apropiada e adecuados ao lugar. O mantemento, conservación e reposición dos bens incluídos neste apartado corresponderá ao adxudicatario durante todo o período do contrato. A Fundación poderá requirir a reposición inmediata daqueles bens que, ao seu xuízo, non estean en condicións de continuar prestando servizo, ben pola súa capacidade funcional ou polo seu estado de conservación. Se durante o período de desenvolvemento do servizo o adxudicatario estimase necesario a incorporación dalgún novo ben dos descritos no parágrafo anterior, deberá obter previamente a aprobación expresa e por escrito da Fundación.
18. Informes á Fundación. O adxudicatario deberá facilitar no primeiro trimestre do ano natural, os seguintes informes a la Fundación relativos ao exercicio do ano anterior, que inclúa
 - a. vendas brutas totais do exercicio anterior, indicando desglose por conceptos e número total de clientes ou operacións de venda por día, vendas brutas por cada máquina expendedora.
 - b. Modelo resumo anual de IVE para comprobación de volume de operacións.
 - c. Informe sobre o persoal: contratos formalizados no exercicio, altas e baixas, TC2 mensuais, e detalle sobre prevención de riscos laborais, planes de seguridade e saúde, planes de formación, planes de conciliación e demais circunstancias sobre persoal que se deriven da oferta do adxudicatario,
 - d. Informe sobre execución de controis de calidade e de execución do programa de desinsectación e desinfección,
 - e. Propostas de mellora para a prestación do servizo ou de calquera das súas actividades,
 - f. Reclamacións e suxestións presentadas polos consumidores.
19. Os prezos máximos a aplicar ao público usuario das instalacións de restauración durante o primeiro ano de duración do contrato serán os ofertados polo adxudicatario. Estes prezos poderán ser modificados anualmente, previa solicitude á Fundación mediante petición razoada e tendo en conta que o aumento máximo a autorizar será o que resulte da aplicación do IPC xeral galego relativo ao período anual inmediatamente anterior.
20. Para a prestación de servizos definidos no presente prego, o adxudicatario disporá dun prazo de quince días hábiles dende a formalización do contrato, debendo garantir a apertura e posta en funcionamento, no prazo máximo de sete días hábiles dende a formalización, dalgún dos dous puntos definidos no punto A.1.1. ou A.1.2. do presente prego.
21. No caso de que sexa a Fundación a entidade organizadora dun evento, e se demande algunha das tipoloxías de menú indicadas no presente prego, solicitará ao contratista a prestación deste servizo cunha antelación suficiente para a súa preparación, atendendo á tipoloxía, aforo e demais condicións do evento, que non será inferior a 24 horas para un aforo de ata 25 persoas, e de 48 horas nos demais casos. Se a demanda de restauración para este tipo de atencións non se axustase ás tipoloxías ou categorías



senaladas no presente prego (cóctel, aperitivo, menús especiais...), coa antelación mínima de 48 horas, solicitarase do adxudicatario orzamento para o seu estudo e, no seu caso, contratación, non existindo un dereito de exclusividade do contratista en relación con estes servizos.

O adxudicatario establecerá un sistema de comunicación e de coordinación continuo coa Fundación para coñecer os eventos que se celebren no complexo, de xeito que, cando sexa preciso, realice os axustes na súa oferta gastronómica para atender aos grupos de usuarios que conciten aqueles eventos, considerando o número e tipo de visitantes previstos, e as características e formato do evento.

A.3. Condicións específicas do servizo de comedor

1. Presentarase diariamente un menú integrado por un primeiro prato (dúas opcións), un segundo prato (dúas opcións) e unha sobremesa (tres opcións).

Os primeiros pratos consistiran en sopas, caldos, entremeses, verduras frescas, verduras conxeladas, ensaladas, ensaladilla, cremas, consomés, pescados, pastas, etc..

Os segundos pratos consistiran en carnes ou peixes, coa súa guarnición. O peso das racións non poderán ser inferiores a 200 gramos, sen incluír a guarnición.

As sobremesas consistirán en froitas, iogures, tortas, etc.

Estes menús irán acompañados de barra de pan de 110 gramos, auga mineral (33 cl.) ou similar e café ou infusións.

Existirá a posibilidade de pedir un menú vexetariano e avaliarase positivamente a dispoñibilidade de produtos para celíacos, podendo solicitarse, sempre baixo reserva, un menú destas características.

2. O servizo de comedor prestarase con mantelaría dun so uso sobre as mesas e servilletas das denominadas de mesa
3. Tódolos complementos, como azucre (10 gr.), limón, aceite, vinagre, etc., serán servidos con carácter gratuíto.
4. Os refrescos, colas, tónicas, etc., serviranse en envase normal, non autorizándose o subministro a granel.
5. A Fundación poderá proceder á inspección dos locais da cafetería e comedor cantas veces o estime oportuno, sen prexuízo das que estimara a Inspección Sanitaria.
6. O prezo do menú será o que resulte da oferta da empresa adxudicataria, con tódolos impostos incluídos.
7. O horario de comedor será dende as 14:00 horas ata as 17:00 horas. En ningún caso se poderá dar comidas antes das 14 horas, salvo que o adxudicatario conte con autorización expresa da Fundación para casos excepcionais de cursos, conferencias, reunións, etc., que polo distinto horario prexudique o desenvolvemento das actividades mencionadas. Así mesmo a Fundación poderá valorar outras circunstancias e conceder autorizacións puntuais para casos ou situacións extraordinarias ou situacións derivadas da conciliación da vida persoal e familiar.



8. A partir das 10:00 horas da mañá deberá figurar no taboleiro da cafetería e comedor o menú do día.
9. A partir das 14:00 horas, deberá existir un expositor onde se poidan ver tódolos pratos que compoñen o menú do día. En relación cos alérxenos, deberá informar ao menos sobre os seguintes alimentos,
 - cereais que conteñan gluten,
 - crustáceos ou produtos a base de crustáceos,
 - cacahuets e produtos a base de cacahuets,
 - froitos de cáscara,
 - moluscos e produtos a base de moluscos.
10. Na preparación de alimentos evítanse os seguintes produtos e elaboracións:
 - aceites vexetais refinados,
 - grasas hidroxenadas ou parcialmente hidroxenadas (grasas trans),
 - ultraprocesados: preparacións industriais comestibles elaborados a partir de sustancias derivadas doutros alimentos,

A.4. Persoal

1. O adxudicatario asumirá, respecto aos traballadores que actualmente prestan o servizo, as obrigas establecidas para a subrogación nas normas legais, convenio colectivo ou acordos de negociación colectiva de aplicación, quedando en tal suposto o novo adxudicatario do contrato subrogado nos dereitos e obrigacións laborais do anterior nos termos establecidos nas normas, convenio colectivo ou acordos aplicables. Para tales efectos, a título informativo, no anexo final deste prego e no Anexo do PCAP figura o listado facilitado polo actual contratista relativo ao persoal que actualmente presta o servizo.
2. O dito persoal dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste e a Fundación contratante é de todo allea ás ditas relacións. En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral entre a Fundación e o contratista e, por conseguinte, en ningún caso poderá ser alegado ningún dereito polo referido persoal en relación co órgano contratante nin exixirle a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados. Á extinción dos contratos do persoal, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da propia Fundación.
3. Todos os traballadores adscritos ao servizo de cafetería e comedor deberán estar en posesión do xustificante que acredite o ter pasado, favorablemente, as probas ás que se refire o artigo 7.4 do Regulamento técnico sanitario de comedores colectivos. Este xustificante será esixido coa periodicidade que determinen as autoridades sanitarias, sendo esixible en todo caso antes da sinatura do contrato. Así mesmo seralles esixible aos traballadores o cumprimento dos requisitos que estableza a normativa sanitaria que lles resulte de aplicación.
4. Todo o persoal deberá ter o carné de manipulador de alimentos.



5. Cando o persoal contratado polo adxudicatario non proceda coa debida corrección ou fora pouco coidadoso no desempeño do seu cometido, a Fundación esixirá do adxudicatario a substitución das persoas concretas nas que concorran esas circunstancias.
6. Será obriga do adxudicatario uniformar a todo o seu persoal durante a xornada laboral, estando debidamente identificado de forma individual.
7. A substitución, redución ou incorporación de persoal requirirán, en todo caso, a previa comunicación do adxudicatario á Fundación, e só se poderán realizar coa conformidade por escrito do órgano de contratación, agás aqueles casos de substitucións puntuais e de curta duración, derivadas de ausencias por incapacidades temporais, vacacións, días de asuntos propios ou cuestións similares.

A.5 Listaxe de prezos

Existirán dúas listaxes de prezos, unha cos artigos fixados pola Fundación cos prezos máximos (**apartado A.5.1. deste documento**) e outra cos artigos libres (**apartado A.5.2. deste documento**)

As características desta listaxe deberán estar perfectamente definidas en canto a tipo de produtos, peso dos mesmos, volume, marcas comerciais, etc., de tal forma que non poida existir confusión nos produtos ofertados.

A listaxe de prezos que figurará publicada na cafetería deberá estar en galego, castelán e inglés.

A.5.1.- Listaxe de prezos máximos

A continuación inclúese a listaxe que contén a relación dos produtos cos prezos máximos fixados pola Fundación. Estes prezos son prezos finais (levan incluído o IVE ou calquera outro imposto aplicable). Os licitadores poderán ofertar prezos inferiores ou iguais, para a súa valoración de acordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe este contrato. A oferta de prezos superiores aos establecidos como máximos para algún dos produtos sería motivo da exclusión da oferta.

Os prezos máximos (IVE incluído) fixados pola Fundación son os seguintes:

Menú	Prezo máximo
Menú do día (primeiro, segundo, sobremesa, pan, bebida e infusión), en modalidade de servizo en mesa,	13,00 €
Medio menú	8,45 €
Menú almuerzo completo (café dobre/infusión, peza de bolería/torradas e zume de laranxa natural)	5,00 €

Produto	Prezo máximo	Suma do grupo
Grupo de bebidas quentes		8,80 €



Café só	1,10 €	
Café cortado	1,10 €	
Café con leite	1,20 €	
Café con leite dobre	1,40 €	
Infusións	1,20 €	
Vaso leite	1,40 €	
Chocolate	1,40 €	
Grupo de augas minerais		9,70 €
Auga 1/3 sen gas (cristal)	1,20 €	
Auga 1/3 sen gas (plástico)	1,10 €	
Auga 1/3 con gas	1,50 €	
Augas ½ litro	1,70 €	
Augas litro ou litro ½	2,00 €	
Augas litro (cristal) ou litro ½ (cristal)	2,20 €	
Grupo de zumes		9,10 €
Zume de piña	2,20 €	
Zume de melocotón	2,20 €	
Zume de laranxa	2,20 €	
Zume de laranxa natural	2,50 €	
Grupo de cervexas		7,90 €
Caña de cervexa	2,00 €	
Corto cervexa	1,70 €	
Botella cervexa con alcohol 1/3	2,00 €	



Cervexa sen alcohol	2,20 €	
Grupo de viños e bebidas alcohólicas		15,10 €
Copa de viño	2,20 €	
Vermú	2,70 €	
Licores	2,20 €	
Outras bebidas de maior gradación alcohólica	8,00 €	
Grupo de refrescos		16,00 €
Refresco cola	2,00 €	
Refresco laranxa	2,00 €	
Refresco Limón	2,00 €	
Tónica	2,00 €	
Refresco de te	2,00 €	
Bebida isotónica laranxa/limón	2,00 €	
Mosto	2,00 €	
Refresco sen burbullas	2,00 €	
Grupo de bolería		12,65 €
Biscoito	1,50 €	
Croissant	1,50 €	
Napolitana	1,75 €	
Rosquilla tipo Donut ou similar	1,50 €	
Torta	2,80 €	
Churros ½ dúcia	1,80 €	
Torrada de pan con aceite de oliva virxe	1,80 €	



Bocadillos		30,90 €
Bocadillo de xamón	4,00 €	
Bocadillo de queixo	3,20 €	
Bocadillo de chourizo	3,20 €	
Bocadillo de salchichón	3,20 €	
Sándwich mixto	2,80 €	
Sándwich vexetal	3,50 €	
Hamburguesas	5,00 €	
Montaditos	3,00 €	
Empanadillas	3,00 €	
Grupo de aperitivos		1,80 €
Aperitivos (snacks)	1,80 €	
Produtos frescos		9,90 €
Macedonia de froita variada	2,40 €	
Peza froita (laranxa ou mazá)	1,00 €	
Mini ensaladas	5,00 €	
logures	1,50 €	
Grupo de xeados (alomenos en temporada)		5,80 €
Xeado de cornete	3,40 €	
Xeado terrina ou similar	2,40 €	

Nota: Conforme ao previsto no artigo 126.6 da Lei de Contratos do Sector Público, autorízase con carácter excepcional a referencia a marcas/denominacións comerciais motivado porque non é posible facer unha descrición alternativa o bastante precisa e intelixible dos citados produtos en substitución da denominación da marca, sendo necesaria unha determinación o máis precisa do produto.



O café que se subministrará poderá ser tamén de comercio xusto, con acreditación xustificativa "FLO Cert", tanto café en grao como o moído no momento.

A Fundación poderá solicitar a subministración de botellas de auga ao prezo ofertado para entregar en calquera lugar do complexo para actividades que alí se realicen. Tamén se subministrará auga corrente (do grifo) para todos aqueles clientes que así o soliciten, ben durante a comida o en calquera outra circunstancia.

A.5.2.- Oferta doutros produtos ou modalidades

Ademais da relación de produtos fixados pola Fundación, os licitadores poderán presentar unha lista de produtos libres, que con carácter indicativo, se axustará a seguinte descrición;

Descrición dos grupos de produtos	Prezo máximo de cada produto
Tapas	
Racións	
Outros menús	
Outras bebidas	
Outros	

A adxudicataria do contrato, no caso de querer ofertar algún produto non incluído nas listaxes de prezos ou algún dos incluídos nunha modalidade non valorada, deberá solicitalo por escrito para a súa aprobación polo responsable do contrato, se procede.

